



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DA VEIGA, PARA A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO DO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO EN A VEIGA

En Santiago de Compostela a 16 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 94/2018, de 26 de setembro, polo que foi nomeada titular deste departamento e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

D. Juan Anta Rodríguez, alcalde do Concello de A Veiga, actuando en nome e representación desta entidade local e no uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 13 de xuño de 2015, de elección de Alcalde, artigo 21.1.b da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polo artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, con domicilio para efectos deste convenio, na Casa do Concello, situada na Praza do Concello nº 1, 32360, A Veiga .

Ambas as dúas partes, no nome e na representación coa que concorren e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro. En data 17 de outubro de 2017 foi asinado o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Turismo de





Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de A Veiga para a realización do proxecto “Construción do Observatorio Astronómico en A Veiga”.

O citado Convenio tiña por obxecto establecer as bases de cooperación interadministrativa para a construción e posta en funcionamento do proxecto denominado “Observatorio Astronómico de A Veiga”, con criterios de eficiencia enerxética e de loita contra a contaminación lumínica. En tal sentido, o contido económico do Convenio asinado para as ditas actuacións foi de 620.928€, desglosado en dúas anualidades, no que o compromiso de cada unha das administracións asinantes era o seguinte:

A Axencia de Turismo de Galicia tiña un compromiso económico de 325.928€,

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tiña un compromiso económico de 75.000€

A Deputación provincial de Ourense tiña un compromiso económico de 250.000€.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comprometeuse á colaboración na dotación do equipamento necesario para a posta en funcionamento do observatorio, unha vez rematadas as actuacións obxecto do presente convenio. A citada dotación será concretada a través do correspondente convenio de colaboración.

Pola súa banda, o Concello de A Veiga, entidade que será a titular do observatorio, asume as seguintes obrigas:

- .Contratar o proxecto básico e de execución.
- .Contratar a dirección de Obra, de execución e Seguridade e saúde.
- .A achega dos terreos necesarios para a execución do proxecto.
- .Tramitar os permisos e autorizacións necesarias para a execución do proxecto e para a posta en funcionamento da instalación .
- .A posta en funcionamento e apertura ao público das instalacións, unha vez concluída a realización das obras.
- .O mantemento en perfecto estado de conservación das instalacións.
- .Incluír en toda a documentación e soportes da actuación obxecto deste convenio que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
- .Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- .Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.





Segundo. Que o Consello da Xunta de Galicia autorizou a súa subscrición na súa reunión do 5 de outubro de 2017, de conformidade co disposto nos artigos 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 40.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que establece que a subscrición de convenios de colaboración cuxo importe sexa superior a 150.000€ ou teñan carácter plurianual requirirá a autorización do consello da Xunta.

Terceiro. En data 10 de xullo de 2018 as partes asinaron a Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de A Veiga para a realización do proxecto “Construción do Observatorio Astronómico en A Veiga” para modificar varias cláusulas do Convenio de colaboración xa que, debido a atrasos na concesión dos permisos solicitados polo concello e preceptivos para a realización das obras, foi preciso modificar o prazo de realización das actuacións previstas no citado convenio, de xeito que se estendan á anualidade 2019.

En concreto a addenda modifica as cláusulas Quinta, Sexta e Décimo Segunda do Convenio, manténdose, en calquera caso, o compromiso asumido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio relativo á dotación do equipamento do Observatorio.

Cuarto. Como queira que o concello de A Veiga rematou a obra de construción prevista no convenio asinado o 17 de outubro de 2017, compre subscribir o convenio de colaboración específico entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello da Veiga para concretar a achega da consellería para a dotación do equipamento necesario para a súa posta en funcionamento, tal e como se recolle no convenio de colaboración asinado o 17 de outubro de 2017 e referenciado no expoñendo primeiro.

O concello da A Veiga cumpre con todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario e cumpre co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio de acordo co artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Quinto. Dada a existencia dunha fórmula previa de colaboración e a asunción tamén previa de compromisos entre as partes, ámbalas dúas administracións acordan asinar o seguinte convenio de colaboración en base ás seguintes





ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración específica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de A Veiga co fin de dotar do equipamento necesario para a posta en funcionamento do Observatorio Astronómico de A Veiga. Pola súa banda, o observatorio astronómico permitirá á consellería desenvolver novos programas e actividades no eido das súas competencias.

Segunda.- Nomeadamente a Consellería se compromete a dotar o Observatorio cos equipamentos que se relacionan no anexo do presente acordo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 148.981,85 euros e 31.286,19 euros de IVE, o que fai un total de 180.268,04 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019.07.03.541B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, código de proxecto 2015 00218, "Equipamento conservación da natureza".

Os bens que se destinan a este centro serán de propiedade do Concello da Veiga, e se destinarán aos fins anteditos durante toda a súa vida útil.

Terceira. O concello da Veiga asume as seguintes obrigas:

- A realización dos correspondentes contratos de subministro para a adquisición dos equipamentos
- Destinar os bens conforme a súa utilidade no Observatorio Astronómico da Veiga
- A realización das instalacións e obras que sexan precisas na posta en funcionamento dos equipamentos
- A asunción dos gastos de revisións, mantementos e outros custes derivados do funcionamento dos equipamentos adquiridos a cargo deste convenio que sexan precisos para o mantemento en correcto estado para o seu uso

Cuarta. Este convenio producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa





vixencia ata o 16 de decembro de 2019, se ben se poderá prorrogar a través da correspondente addenda formalizada dentro da vixencia do convenio.

Quinta.- De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido dende o día seguinte ao da sinatura do convenio e o 2 de decembro de 2019. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

No tocante ao imposto sobre o valor engadido, non é subvencionable cando é recuperable. Os concellos e demais entidades de dereito público non teñen a consideración de suxeito pasivo, nos termos previstos no artigo 13, número 1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, polo que o IVE soportado por estes se considerará subvencionable.

Sexta.- Constituirase unha Comisión de Seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por un representante de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirán por solicitude dunha das partes asinantes.

Sétima.- O prazo para a xustificación por parte do Concello da Veiga da aplicación dos fondos percibidos remata o 5 de decembro de 2019, polo que deberá remitir antes desa data a documentación requirida, todo iso conforme co artigo 28 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (rendición da conta xustificativa).

O Concello da Veiga presentará a conta xustificativa da realización do subministro á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que conterá, de conformidade co disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa,





relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Certificado da secretaría ou intervención onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario

O Concello da Veiga deberá remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha reportaxe fotográfica na que se constate a instalación dos equipamentos no Observatorio Astronómico, sen prexuízo da comprobación material que pode realizar a propia consellería cos seus propios funcionarios.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.





Por outro lado, o Concello deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A contribución económica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda minorarase de forma proporcional no caso de que o Concello da Veiga non xustifique o orzamento do presente convenio.

O concello da Veiga deberá de facilitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

O concello da Veiga deberá comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

Esta subvención é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calque outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

O concello da Veiga deberá de reintegrar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e os intereses de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

A tenor do artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, O concello da Veiga estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais





contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

Oitava.- Pagamentos anticipado e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se exceda a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100% da subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Para proceder ao seu pagamento, o concello de A Veiga deberá enviar a documentación xustificativa establecida na cláusula anterior.

Conforme ao artigo 65.4.c) do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o concello de A Veiga queda exonerada da constitución de garantía.

Novena.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

Décima - Causas de Extinción

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O incumprimento total ou parcial do seu clausulado, oída a Comisión de Seguimento referida na cláusula sexta.
2. O transcurso do tempo sen instalar o equipamento recollido no anexo do acordo
3. Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste acordo por causas non imputables ás partes.





4. A denuncia de calquera das partes.
5. O mutuo acordo.

Décima primeira.- Natureza xurídica do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no seu artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima segunda.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





Décima terceira.- Relación laboral

A subscrición deste acordo non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que podan desenvolver as actividades descritas e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Pola súa banda, este acordo non implica renuncia ás competencias propias que lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nin ás da Administración local asinante, nin asunción doutras novas.

Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade con todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

Pola Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

Polo Concello da Veiga

Ángeles Vázquez Mejuto

Juan Anta Rodríguez





ANEXO I – EQUIPAMENTOS PARA DOTAR O OBSERVATORIO

Observatorio 1- Cúpula de 3 metros de diámetro e equipamento astronómico.

Observatorio 2- Cúpula de 4 metros de diámetro e equipamento astronómico

Telescopio solar- Telescopio para observación solar a utilizar fora do edificio que formará parte do espacio expositivo cando non esté en uso

Simulador de vuelo

Planetario- Semiesfera de 8 metros (pantalla), butacas, proxector, equipo de sonido e demais elementos para a reprodución de contido multimedia

Realidade virtual- 4 postos para simuladores de realidade virtual

Control de observatorios- Posto de control de observatorios e centro de procesado formado por mesa, silla ordenador con monitor 4k

Exposicións- Conxunto de módulos, maquetas e paneis

Comunicacións- Implantación do sistema para a rede de telecomunicacións do edificio

